

Protocolo Entidade Amiga do Proxecto de Xeoparque do Cabo Ortegal



CONCELLO
DE CARIÑO



CEDEIRA



CONCELLO DE
CERDIDO

MOECHA
CONCELLO



Concello de
Ortigueira



San Sadurniño

VALDOVIÑO



Cabo Ortegal
PROXECTO DE
XEOPARQUE

ÍNDICE

I. Alcance	3
II. Definición.....	3
III. Obxeto do protocolo.....	4
IV. Requisitos de admisión.....	4
V. Procedemento de solicitude.....	4
VI. Procedemento de adhesión.....	5
VII. Dereitos.....	5
VIII. Obrigas e deberes.....	5
IX. Causas de disolución.....	7
X. Procedemento de disolución.....	7
XI. Anexos.....	8

PRIMEIRO. Alcance.

Este documento establece o procedemento para a formalización do Acordo de colaboración entre a *Asociación para a Xestión do Xeoparque do Cabo Ortegal* e as entidades colaboradoras, denominadas *Entidade Amiga* do Proxecto de Xeoparque do Cabo Ortegal.

SEGUNDO. Definicións

A figura de *Entidade Amiga* corresponde, tal e como recollen os estatutos da asociación, as entidades públicas ou privadas que teñan entre os seus obxectivos o desenvolvemento, defensa e promoción do Xeoparque do Cabo Ortegal e do seu territorio.

Como tal, e segundo os termos previstos no artigo 5º.I dos Estatutos da *Asociación para a xestión do Xeoparque do Cabo Ortegal*, comparte algún dos principais fins da asociación:

- a) A promoción do desenvolvemento sostible e equilibrado do territorio que conforma o proxecto de Xeoparque do Cabo Ortegal, con especial apoio dos seus valores xeolóxicos, naturais e culturais, mediante o desenvolvemento de accións e a posta en marcha de actividades cuxo efecto repercuta no beneficio das persoas que viven no devandito territorio.
- b) A protección e conservación do patrimonio natural do territorio, facendo especial fincapé no seu patrimonio xeolóxico e a súa posta en valor como recurso, coa finalidade do desenvolvemento económico e social da súa poboación.
- c) O fomento das ciencias da Terra no devandito territorio, nos ámbitos da investigación, educación (regrada e non regrada) e difusión, e o impulso doutras ciencias naturais e ambientais.
- d) A posta en valor, dinamización, recuperación e difusión do patrimonio cultural.
- e) A promoción e realización de actividades vinculadas ao patrimonio cultural material e inmaterial (lingua, tradicións, costumes, oficios, memoria oral, creación artística etc.), dando prioridade a aquelas actividades directamente relacionadas co patrimonio xeolóxico, paleontolóxico e arqueolóxico.
- f) O fomento da educación ambiental, con especial atención aos valores propios do territorio.
- g) O fomento do turismo, especialmente o vinculado á natureza, con especial atención aos seus valores xeolóxicos, así como o turismo cultural, sempre dentro dun marco de sustentabilidade.

- h) A mellora da calidade e a oferta turística do territorio.
- i) A dinamización de actividades económicas compatibles cos recursos naturais e culturais do territorio, apoiando especialmente as iniciativas relacionadas cos produtos locais.
- j) A promoción e o apoio ás accións de cooperación con outras entidades que poidan contribuír ao impulso dos fins da asociación.
- k) O fomento do contacto e da relación con outras entidades de natureza análoga que teñan entre os seus fins a promoción e defensa dos recursos naturais e culturais, e nomeadamente da figura dos xeoparques.
- l) A realización doutras actividades que promovan o desenvolvemento económico, social e ambiental do territorio dos concellos vinculados ao proxecto do Xeoparque do Cabo Ortegal.

TERCEIRO. Obxeto do Protocolo.

É obxeto do presente Protocolo formalizar e delimitar o ámbito no que a *Entidade Amiga* colaborará co Proxecto de Xeoparque do Cabo Ortegal.

CUARTO. Requisitos de admisión

En base ao artigo 10º dos estatutos da Asociación, as entidades poderán participar como *Entidade Amiga* cando o seu fin sexa compatible e podan argumentar o seu vencello co desenvolvemento, defensa e promoción do Proxecto de Xeoparque do Cabo Ortegal e do seu territorio.

Poderán ser *Entidades Amiga* aquelas entidades con capacidade de obrar e non suxeitas a condición legal que o imposibilite, que teñan interese no desenvolvemento dos fins do proxecto e que sexan admitidos pola Asemblea Xeral da *Asociación para a xestión do Xeoparque do Cabo Ortegal*.

Poderán ser *Entidade Amiga* as asociacións, agrupacións, institucións, entidades ou colectividadeas que estean debidamente inscritas no rexistro de asociacións dalgún dos concellos integrantes do Proxecto de Xeoparque do Cabo Ortegal, previa admisión da Asemblea Xeral da *Asociación para a xestión do Xeoparque do Cabo Ortegal*.

QUINTO. Procedemento de solicitude

As entidades interesadas deberán seguir o seguinte procedemento de adhesión:

1. Presentación de solicitude de adhesión segundo o ANEXO I.
2. Achegar a documentación que acredite o acordo do órgano de decisión da entidade de solicitar a adhesión como *Entidade Amiga* e no que se recolla o compromiso cos fins da *Asociación para a Xestión do Xeoparque do Cabo Ortegal*.
3. Motivar razoadamente a súa solicitude argumentando o seu vencello co Proxecto de Xeoparque do Cabo Ortegal e o seu territorio.

SEXTO. Procedemento de adhesión

Unha vez recibida a solicitude, a Asemblea Xeral será a encargada de aprobar ou non a admisión en base a documentación presentada.

A incorporación das entidades como *Entidade Amiga* será formalizada mediante o *Acordo de Colaboración Entidade Amiga do Proxecto de Xeoparque do Cabo Ortegal*, segundo o modelo do ANEXO II, asinado entre o representante da entidade solicitante e o presidente da *Asociación para a Xestión do Xeoparque do Cabo Ortegal*.

SÉTIMO. Dereitos

A condición de *Entidade Amiga* permite participar nas reunións e asembleas da asociación, con voz pero sen voto vinculante.

A figura de *Entidade Amiga* non implica formar parte dos órganos de goberno e por conseguinte están exentos do pago de cotas.

As entidades que subscriban e cumpran o protocolo de adhesión, serán acreditadas como *Entidade Amiga*, constando como tal na páxina web do Proxecto do Xeoparque do Cabo Ortegal.

OITAVO. Obrigas e deberes

I. Compromisos da *Asociación para a Xestión do Xeoparque do Cabo Ortegal*

A Asociación asume, mediante a firma do citado Acordo de Colaboración, os seguintes compromisos:

- Informar da axenda de actividades e accións levadas a cabo co fin de divulgar e promocionar o proxecto.
- Facilitar á entidade colaboradora o distintivo do Proxecto de Xeoparque do Cabo Ortegal para a súa exhibición nos seus establecementos, páxinas web e redes sociais.
- Mencionar e dar publicidade á entidade colaboradora das programacións, actividades, novas ou accións de fomento e promoción que afecten ao Proxecto do Xeoparque do Cabo Ortegal e o seu territorio, especialmente as que leve a cabo en calidade de *Entidade Amiga*.
- Comprobar periodicamente a adecuación das actividades levadas a cabo polas distintas entidades colaboradoras *Entidade Amiga*, cos fins recollidos no artigo 5º.I dos Estatutos da *Asociación para a xestión do Xeoparque do Cabo Ortegal*.
- Verificar o cumprimento das condicións e requisitos do presente Protocolo.
- Compromiso vinculante de confidencialidade, estando completamente prohibida a divulgación de información sensible relativa aos acordos plenarios e calquera outra información relativa a datos persoais ou do proceso e que fora tratada como tal nas asembleas ou reunións mantidas entre as partes.

2. Compromisos da Entidade Amiga:

A entidade colaboradora como *Entidade Amiga*, asume os seguintes compromisos:

- Exhibir o distintivo do Proxecto de Xeoparque do Cabo Ortegal nos seus establecementos, respetando en todo caso o formato facilitado pola Asociación, así como o enlace á páxina do Proxecto nas súas webs e redes sociais.
- Colaborar mediante a súa participación, na forma en que se determine, nas xornadas ou cursos de formación en materia de Xeoparque que se organicen e atinxan a súa

actividade, co fin de poder trasladar de forma efectiva unha información veraz e actualizada.

- Colaborar co asesoramento á Asociación en determinadas materias nas que foran especialistas.
- Compromiso vinculante de confidencialidade, estando completamente prohibida a divulgación de información sensible relativa aos acordos plenarios e calquera outra información relativa a datos persoais ou do proceso e que fora tratada como tal nas asembleas ou reunións mantidas entre as partes.

NOVENO. Causas de disolución.

A condición de *Entidade Amiga* pode ser suspendida polas seguintes causas:

- Levar a cabo accións contrarias aos fins recollidos no punto segundo do presente documento, tal e como establecen os estatutos da Asociación.
- Levar a cabo accións contrarias ao bo funcionamento do proxecto ou da Asociación que podan danar a imaxe ou compromisos da mesma.
- Incumprir os compromisos recollidos no punto oitavo do presente documento

DÉCIMO. Procedemento de disolución

- Mediante solicitude de baixa por parte da *Entidade Amiga* cubrindo o modelo de solicitude de baixa estipulado no ANEXO III
- No caso dos incumprimentos debidamente acreditados e sinalados no punto noveno, a *Asociación para a Xestión do Xeoparque do Cabo Ortegal* concederá á *Entidade Amiga* un prazo de 6 meses para xustificar debidamente a inexistencia de incumprimento. Transcorrido o citado prazo, e no caso de non xustificar debidamente as accións que poderían ser causa de disolución, procederase á baixa inmediata da condición de *Entidade Amiga* no prazo estipulado previamente.

ANEXOS

ANEXO I: Modelo de solicitude de adhesión

Modelo de solicitude de adhesión como *Entidade Amiga* do Proxecto de Xeoparque do Cabo Ortegal

<u>Identificación da entidade</u>	
<i>Denominación</i>	
<i>Número de rexistro</i>	
<i>Dirección</i>	
<i>Localidade</i>	
<i>Código Postal</i>	
<i>Persoa de contacto</i>	
<i>Teléfono de contacto</i>	
<i>Correo electrónico</i>	
<i>Descrición da actividade ou fins da entidade</i>	
<u>Identificación da persoa representante</u>	
<i>Nome e apelidos</i>	
<i>NIF/NIE</i>	
<i>Cargo</i>	
<i>Teléfono de contacto</i>	
<i>Correo electrónico</i>	

EXPÓN:

Que tras ter coñecemento da existencia da figura *Entidade Amiga* do Proxecto de Xeoparque do Cabo Ortegal, e tendo en conta as seguintes motivacións:

(EXPOÑA A ARGUMENTACIÓN DE ADHESIÓN)

SOLICITA:

O recoñecemento como *Entidade Amiga*, comprometéndose a cumprir os dereitos e obrigas establecidos nos puntos sétimo e oitavo do protocolo de *Entidade Amiga*.

DOCUMENTACIÓN QUE SE APORTA

Acordo do órgano de decisión da entidade de solicitar a adhesión como <i>Entidade Amiga</i> e no que se recolla o compromiso cos fins da Asociación para a Xestión do Xeoparque do Cabo Ortegal.	<input type="checkbox"/>
Documentación acreditativa da representación/autorización da persoa que firma a solicitude	<input type="checkbox"/>
Estatutos ou documentación onde se recollan os fins e actividades da entidade	<input type="checkbox"/>

En.....(LUGAR), a (DATA)

En calidade de (CARGO QUE OCUPA)

(SINATURA)

Asdo:(NOME E APELIDOS DO REPRESENTANTE)

PRESIDENTE/A DA ASOCIACIÓN PARA A XESTIÓN
DO XEOPARQUE DO CABO ORTEGAL

ANEXO II: Acordo de colaboración *Entidade Amiga*

Acordo de Colaboración *Entidade Amiga* do Proxecto de Xeoparque do Cabo Ortegal

Acordo de colaboración entre a Asociación para a Xestión do Xeoparque do Cabo Ortegal e as entidades colaboradoras do Proxecto de Xeoparque do Cabo Ortegal.

En(LUGAR) a,(DATA)

REUNIDOS:

Dunha parte, o Sr/Sra. Presidente/a da Asociación para a Xestión do Xeoparque do Cabo Ortegal actuando no seu nome e representación e facultado para a sinatura do presente Convenio, polo acordo adoptado en sesión do(en adiante a asociación)

E de outro lado, D/Dna....., en calidade de(CARGO QUE OCUPA), con DNI, actuando en nome e representación da entidade.....(NOME DA ENTIDADE) (en adiante a entidade solicitante)

Recoñecendo ambas partes a capacidade legal suficiente para outorgar o presente Acordo de colaboración, trala solicitude de adhesión da entidade solicitante como “*Entidade Amiga do Proxecto de Xeoparque do Cabo Ortegal*” e a revisión dos criterios aprobados pola Asociación,

EXPOÑEN:

1. Que trala presentación da documentación correspondente á solicitude e a revisión, por parte da asociación, dos termos e requisitos establecidos previamente, a Asemblea Xeral realizada oacorda por a adhesión da entidade como “*Entidade Amiga* do Proxecto de Xeoparque do Cabo Ortegal”

2. Que a entidade solicitante comparte algún dos principais fins da asociación recollidos no artigo 5º.I dos Estatutos da Asociación, a saber:

- 1) A promoción do desenvolvemento sostible e equilibrado do territorio que conforma o proxecto de Xeoparque do Cabo Ortegal, con especial apoio dos seus valores xeolóxicos, naturais e culturais, mediante o desenvolvemento de accións e a posta en marcha de actividades cuxo efecto repercuta no beneficio das persoas que viven no devandito territorio.
- 2) A protección e conservación do patrimonio natural do territorio, facendo especial fincapé no seu patrimonio xeolóxico e a súa posta en valor como recurso, coa finalidade do desenvolvemento económico e social da súa poboación.
- 3) O fomento das ciencias da Terra no devandito territorio, nos ámbitos da investigación, educación (regrada e non regrada) e difusión, e o impulso doutras ciencias naturais e ambientais.
- 4) A posta en valor, dinamización, recuperación e difusión do patrimonio cultural.
- 5) A promoción e realización de actividades vinculadas ao patrimonio cultural material e inmaterial (lingua, tradicións, costumes, oficios, memoria oral, creación artística etc.), dando prioridade a aquelas actividades directamente relacionadas co patrimonio xeolóxico, paleontolóxico e arqueolóxico.
- 6) O fomento da educación ambiental, con especial atención aos valores propios do territorio.
- 7) O fomento do turismo, especialmente o vinculado á natureza, con especial atención aos seus valores xeolóxicos, así como o turismo cultural, sempre dentro dun marco de sustentabilidade.
- 8) A mellora da calidade e a oferta turística do territorio.
- 9) A dinamización de actividades económicas compatibles cos recursos naturais e culturais do territorio, apoiando especialmente as iniciativas relacionadas cos produtos locais.
- 10) A promoción e o apoio ás accións de cooperación con outras entidades que poidan contribuír ao impulso dos fins da asociación.

- I 1) O fomento do contacto e da relación con outras entidades de natureza análogo que teñan entre os seus fins a promoción e defensa dos recursos naturais e culturais, e nomeadamente da figura dos xeoparques.
 - I 2) A realización doutras actividades que promovan o desenvolvemento económico, social e ambiental do territorio dos concellos vinculados ao proxecto do Xeoparque do Cabo Ortegal.
3. Que a entidade solicitante comparte a importancia do Proxecto de Xeoparque do Cabo Ortegal, polo manifesta o seu desexo de colaborar no desenvolvemento, defensa e promoción do Xeoparque do Cabo Ortegal e do seu territorio, a través das súas actividades propias.
4. Que a Asociación para a Xestión do Xeoparque do Cabo Ortegal asume, os seguintes compromisos:
- Informar da axenda de actividades e accións levadas a cabo co fin de divulgar e promocionar o proxecto.
 - Facilitar á Entidade colaboradora o distintivo do Proxecto de Xeoparque do Cabo Ortegal para a súa exhibición nos seus establecementos, páxinas web e redes sociais.
 - Mencionar e dar publicidade á entidade colaboradora das programacións, actividades, novas ou accións de fomento e promoción que afecten ao Proxecto do Xeoparque do Cabo Ortegal ou seu territorio, especialmente as que leve a cabo en calidade de *Entidade Amiga*.
 - Comprobar periodicamente a adecuación da actividade das *Entidade Amiga* cos fins recollidos no artigo 5º.I dos Estatutos da Asociación para a xestión do Xeoparque do Cabo Ortegal.
 - Verificar o cumprimento das condicións e requisitos do presente acordo e o protocolo que o regula.
 - Compromiso vinculante de confidencialidade, estando completamente prohibida a divulgación de información sensible relativa aos acordos plenarios e calquera outra información relativa a datos persoais ou do proceso e que fora tratada como tal nas asembleas ou reunións mantidas entre as partes.
5. Que a entidade(NOME DA ENTIDADE) asume os seguintes compromisos:

- Exhibir o distintivo do Proxecto de Xeoparque do Cabo Ortegal nos seus establecementos, respectando en todo caso o formato facilitado pola Asociación, así como o enlace a páxina do Proxecto nas súas webs e redes sociais.
- Colaborar mediante a súa participación, na forma en que se determine, nas xornadas ou cursos de formación en materia de Xeoparque que se organicen e atinxan a súa actividade, co fin de poder trasladar de forma efectiva unha información veraz e actualizada.
- Colaborar co asesoramento á Asociación en determinadas materias nas que foran especialistas.
- Compromiso vinculante de confidencialidade, estando completamente prohibida a divulgación de información sensible relativa aos acordos plenarios e calquera outra información relativa a datos persoais ou do proceso e que fora tratada como tal nas asembleas ou reunións mantidas entre as partes.

6. Que ambas entidades coñecen os dereitos da condición de *Entidade Amiga*:

- Participar nas reunións e asembleas da asociación, con voz pero sen voto vinculante.
- A figura de *Entidade Amiga* non implica formar parte dos órganos de goberno e por conseguinte están exentos do pago de cotas.
- As entidades que subscriban e cumpran o protocolo de adhesión, serán acreditadas como *Entidade Amiga*, constando como tal na páxina web do Proxecto do Xeoparque do Cabo Ortegal.

7. Que ambas entidades coñecen que a condición de *Entidade Amiga* pode ser suspendida polas seguintes causas:

- Levar a cabo accións contrarias aos fins recollidos no punto segundo do presente documento, tal e como establecen os estatutos da asociación.
- Levar a cabo accións contrarias ao bo funcionamento do proxecto ou da asociación, que podan danar a imaxe ou compromisos da mesma.
- Incumprir os compromisos recollidos no punto cinco do presente documento.

Por canto antecede, os comparecentes asinan o presente Acordo segundo o establecido no protocolo que rexe este Acordo de Colaboración e posto a disposición das entidades asinantes:

Pola Asociación para a Xestión do
Xeoparque do Cabo Ortegal

Pola _____ (NOME DA
ENTIDADE)

ANEXO III: Modelo solicitude de baixa *Entidade Amiga*

Solicitude de baixa

Entidade Amiga do Proxecto de Xeoparque do Cabo Ortegal

D/Dona, , con DNI núm....., actuando en nome e representación da entidadee facultada/o para a sinatura do presente documento, solicito a partir da presente, a baixa como *Entidade Amiga* do Proxecto de Xeoparque do Cabo Ortegal.

Os motivos da solicitude de baixa son os seguintes:

DOCUMENTACIÓN QUE SE APORTA

Acordo do órgano de decisión da entidade de solicitar a baixa.	<input type="checkbox"/>
---	--------------------------

En.....(LUGAR), a (DATA)

En calidade de (CARGO QUE OCUPA)

(SINATURA)

Asdo:(NOME E APELIDOS DO REPRESENTANTE)

PRESIDENTE/A DA ASOCIACIÓN PARA A XESTIÓN
DO XEOPARQUE DO CABO ORTEGAL
